

Estimadas familias,

No **DOG de 20 de maio de 2024**, publícase a Orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado de educación primaria para o vindeiro **curso 2024-25**.

O prazo para presentar solicitudes abrangue **dende o 21 de maio ata o 21 de xuño** de 2024.

AXUDA LIBROS DE TEXTO (alumnado 1º e 2º Educación Primaria)

Renda per cápita familiar < ou = a 6.000 € -----	240 €
Renda per cápita familiar > 6.000 € e < ou = a 10.000€ -----	160 €
Alumnado EE ou discapacidade > ou = ao 65% -----	300 €
Alumnado en garda ou tutela da Xunta de Galicia -----	240 €

ASIGNACIÓN DE LIBROS DE TEXTO (alumnado 3º, 4º, 5º e 6º Educación Primaria):

Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € -----	6 libros
Renda per cápita familiar > 6.000 € e < ou = 10.000 € -----	4 libros
Garda ou tutela da Xunta de Galicia -----	6 libros
Discapacidade igual ou superior ao 65% -----	6 libros

O alumnado con NEAE recibirá axuda para a compra de libros como os de 1º e 2º EP.

AXUDA PARA MATERIAL ESCOLAR (alumnado 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º Educación Primaria)

Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € -----	75 €
Garda ou tutela da Xunta de Galicia, os EE ou con discapacidade >=75%) -----	75 €
Renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000, pero superior a 6.000 € -----	60 €

Documentación a aportar coa solicitude:

- 1. LIBRO DE FAMILIA**
- 2. CERTIFICADO DE CONVIVENCIA OU INFORME DOS SERVIZOS SOCIAIS**, no caso de que algún dos pais ou titores non dispoña de DNI ou NIE ou non coincidan membros da unidade familiar cos do libro de familia.
- 3. SENTENZA XUDICIAL DE SEPARACIÓN OU DIVORCIO**, de ser o caso
- 4. CERTIFICADO DE DISCAPACIDADE DE ALGÚN MEMBRO DA UNIDADE FAMILIAR**, de ser o caso (no caso de que fora concedida pola Xunta de Galicia é suficiente que autoricen a consulta de datos)
- 5. RESOLUCIÓN ADMINISTRATIVA OU XUDICIAL DE ACOLLEMENTO**, de ser o caso
- 6. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA VIOLENCIA DE XÉNERO**, de ser o caso

Lembren que:

- ☞ Só o alumnado **admitido** se pode acoller á axuda.
- ☞ Presentarase **unha única solicitude para tódolos irmáns** escolarizados ou admitidos no **mesmo centro**.
- ☞ A concesión está condicionada á devolución en prazo dos libros adquiridos coas axudas do ano anterior no caso do fondolibros.
- ☞ Os datos da **situación persoal** e composición da unidade familiar deberán referirse **ao 31 de decembro de 2022**.
- ☞ Computan por **dous** os membros con discapacidade > ou = ao 33% ou perciba unha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta our grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.
- ☞ Se presentaron a **declaración da renda no 2022**, súmanse as **casillas 435+460** e divídese polos membros da unidade familiar a 31 de decembro de 2022 para obter a renda per cápita familiar. Noutro caso téñense en conta os ingresos facilitados pola axencia tributaria e divídese polo número de membros da unidade familiar.

Atentamente,
A SECRETARÍA DO CENTRO